

Corporación local beneficiaria	Provincia	Finalidade da axuda	2005	2006	2007	2008
Moraña	Pontevedra	Equipamento informático	800	0	0	0
Nigrán	Pontevedra	Equipamento informático	1.300	0	0	0
O Porriño	Pontevedra	Equipamento informático e mobiliario e adaptación centro polideportivo municipal	8.000	0	0	0
O Rosal	Pontevedra	Equipamento informático	900	0	0	0
Pazos de Borbén	Pontevedra	Equipamento informático	270	0	0	0
Poio	Pontevedra	Equipamento informático e mobiliario	3.000	0	0	0
Ponte Caldelas	Pontevedra	Equipamento informático	2.000	0	0	0
Ponteareas	Pontevedra	Reforma e mellora de edificio de servizos sociais	23.000	23.000	84.000	100.000
Pontecesures	Pontevedra	Equipamento informático	900	0	0	0
Salceda de Casellas	Pontevedra	Equipamento informático e mobiliario	760	0	0	0
Salvaterra de Miño	Pontevedra	Fotocopiadora	1.975	0	0	0
Silleda	Pontevedra	Equipamento informático	750	0	0	0
Tomiño	Pontevedra	Equipamento informático e mobiliario	7.000	0	0	0
Vigo	Pontevedra	Equipamento de vivenda de servizos sociais	15.000	15.000	0	0
Vigo	Pontevedra	Reforma das oficinas centrais de servizos sociais no edificio do concello	6.000	6.000	30.000	0
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	Equipamento informático	1.300	0	0	0
Vilanova de Arousa	Pontevedra	Equipamento informático e mobiliario	1.900	0	0	0

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Resolución do 7 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan axudas para a promoción e difusión do patrimonio audiovisual galego, para o ano 2007.

Advertido erro na Resolución do 7 de marzo de 2007, publicada no DOG nº 51, do martes 13 de marzo de 2007, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 3.857, no artigo 1º.2, parágrafo segundo, onde di: «Para a liña B, o prazo comenza ao día seguinte da publicación desta convocatoria e remata o 14 de decembro de 2007», debe dicir: «Para a liña B, o prazo comenza ao día seguinte da publicación desta convocatoria e remata o 30 de novembro de 2007».

Resolución do 16 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se regula a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de materiais curriculares, para niveis non universitarios, así como a edición de material para a formación de adultos en lingua galega, realizados en formatos visuais ou audiovisuais, sobre soportes impresos ou dixitais.

O Estatuto de autonomía para Galicia, no seu artigo 5, especifica que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos de Galicia garan-

tirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Segundo o artigo 27.20º, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva da promoción e o ensino da lingua galega.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu título III, do uso do galego no ensino, establece: «O galego, coma lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos» e «as autoridades educativas da comunidade autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino».

O Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a citada Lei 3/1983, ordena no seu artigo 8.2º que os materiais que se empreguen nas áreas e materias impartidas en lingua galega estarán escritos normalmente en galego, terán a calidade científica e pedagóxica adecuada e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia.

Pola súa parte, a recentemente aprobada Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, establece no punto 2º do seu artigo 7 que a Xunta de Galicia potenciará a produción editorial en galego mediante unha liña de axudas que asegure a existencia dunha oferta suficiente de materiais didácticos naquelas áreas en que a lexislación educativa determine que a lingua galega sexa vehicular da súa aprendizaxe.

Con esta finalidade, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, en desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado o 22 de

setembro de 2004, e de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións, fai pública esta convocatoria, mediante a que pretende fomentar a elaboración e a publicación dos materiais curriculares correspondentes, incidir no marco da gratuidade destes e favorecer o tecido da industria editorial galega.

Na súa virtude, e segundo o disposto no artigo 7 do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e na súa disposición adicional segunda c), pola que se desconcentran competencias nos secretarios xerais da Presidencia,

DISPOÑO:

Capítulo I

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta resolución ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no eido da Comunidade Autónoma de Galicia, a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de materiais curriculares, ou complementarios destes para os niveis non universitarios recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, da educación (LOE), así como a edición de material para a formación de adultos que, con respecto á lingua galega, deberá estar adaptado ás directrices do Marco Europeo Común de referencia para as linguas, realizados en formatos visuais ou audiovisuais sobre soportes impresos ou dixitais.

2. A convocatoria das subvencións previstas nesta resolución realizarase en réxime de concorrència competitiva.

Artigo 2º.-Orzamento.

O financiamento das axudas farase con cargo aos créditos da partida orzamentaria 04.60.151A.470.1 por unha contía máxima total de 1.050.000 €.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán solicitar estas subvencións as empresas mercantís do sector editorial, sexan persoas físicas ou xurídicas, sempre que, estando legalmente constituídas, cumplan os requisitos establecidos nesta resolución e non se encontren incurso nas exclusións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e elaboren o material didáctico incluíble no ámbito de aplicación desta resolución.

Artigo 4º.-Material subvencionable.

1. Será subvencionable a elaboración e edición en lingua galega dos recursos educativos seguintes:

a) Material didáctico curricular e complementario deste, para os niveis educativos vixentes, sexa de nova creación, traducións ou adaptacións, realizado en soporte impreso.

b) Material didáctico curricular ou complementario deste, realizado en formatos visuais ou audiovisuais, sobre soportes dixitais (webs, CD interac-

tivos, DVD, etc.). Este material deberá estar adaptado aos niveis educativos vixentes.

c) O material didáctico necesario para a formación de adultos que, no que atinxe á lingua galega, deberá incorporar as directrices do Marco Europeo Común de referencia para as linguas, realizado en formatos visuais ou audiovisuais, sobre soportes impresos ou dixitais.

2. Entenderase por material complementario aquel que estea directamente vinculado aos proxectos didácticos que desenvolven o currículo de cada área ou materia, destinados aos alumnos, e que se utilicen como material de reforzo, ampliación ou para a atención á diversidade, de acordo cos criterios do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes da competencia en mercados de bens e servizos, e segundo o recollido no artigo 9 g) do Proxecto da lectura, o libro e as bibliotecas, actualmente en trámite parlamentario.

Artigo 5º.-Requisitos.

1. As empresas solicitantes haberán de dispor dun departamento de edición na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os títulos propostos deberán cumprir os seguintes requisitos:

-Só se subvencionarán proxectos que estean correctamente realizados en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e Decreto 173/1982, do 17 de novembro, e nas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003). Non obstante o anterior, admitiranse proxectos trimestralizados nos que polo menos o 60% da proposta se realice en lingua galega, sendo esta lingua a única que se terá en conta para a valoración e subvención correspondente a estas publicacións.

-Os materiais editados en soporte impreso deberán ter unha tiraxe mínima de 1.000 exemplares, e de 500 os editados en soporte dixital ou audiovisual.

-Os títulos haberán posuír o correspondente número de ISBN e o do depósito legal definitivo, debendo estar feito o depósito de exemplares establecido no Decreto 43/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa nesta materia. O depósito legal terá unha data posterior ao 1 de setembro de 2006.

Artigo 6º.-Exclusións.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta resolución, aínda cumprindo os requisitos exixidos no artigo precedente:

1. A edición de material didáctico para o nivel universitario.

2. Os libros de bibliófilo.

3. As publicacións de difusión gratuíta.

4. Os libros publicados por clubs do libro ou entidades similares, destinados a seren distribuídos entre os seus subscritores.

5. As obras que non sexan primeira edición.

6. As publicacións que recibisen subvención da Consellería de Cultura e Deporte.

7. As publicacións ou material didáctico que teñan recibido subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en anteriores convocatorias.

Capítulo II

Da convocatoria pública

Artigo 7º.-Solicitudes.

1. As entidades incluídas no artigo 3º que desexen acollerse aos beneficios desta resolución deberán formalizar a correspondente solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo a esta resolución, cubríndose enteiramente á máquina ou con letra de molde, dirixida á secretaria xeral de Política Lingüística.

2. As solicitudes, no anexo oficial, xunto coa documentación correspondente, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela), ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Decreto 164/2005, do 16 de xuño, que regula e determina as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e regula a atención ao cidadán.

3. A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

3.1. Acreditación da personalidade do solicitante e da súa representación, mediante fotocopia compulsada da escritura pública de constitución da entidade ou modificación, se é o caso, desta, e do poder notarial correspondente; a inscrición de ambos os dous documentos debe constar no Rexistro Mercantil ou no rexistro que corresponda.

3.2. Se o solicitante é unha persoa física deberá acreditar a súa constitución como editor, así como achegar fotocopia compulsada da cédula de identificación fiscal ou do número de identificación fiscal.

3.3. Copia compulsada do CIF ou NIF da entidade.

3.4. Copia compulsada do último recibo de pagamento do imposto de actividades económicas, ou, se é o caso, acreditación da exención de pagamento.

3.5. Certificación bancaria orixinal actualizada onde conste como titular a empresa solicitante.

3.6. Certificación do editor en que se faga constar a relación de títulos publicados en galego durante os dous anos anteriores.

3.7. Constancia documental da existencia dun contrato debidamente asinado, se o houber, co autor ou co tradutor da obra, que respectará o establecido na Lei de propiedade intelectual.

3.8. Xustificante, se houber lugar, de ter iniciada a xestión de cesión dos dereitos precisos para a publicación da obra.

3.9. Un exemplar completo da maqueta definitiva das obras para as que se solicita subvención, ou ben, os guiños e as imaxes cando se trate de vídeos didácticos ou soportes informáticos, así como unha memoria explicativa en que se recollan as características técnicas, a temporalización da edición, os destinatarios a que vai dirixido o citado material, etc.

3.10. No caso de que as obras estean xa editadas, xuntarase un exemplar de cada título, que deberá ter un depósito legal posterior ao 1 de setembro de 2006, polo cal terán que acreditar documental-mente o mes do ano 2006 de que se trate.

3.11. Unha declaración xurada do editor pola que se compromete a ter editada a obra subvencionable o día 15 de setembro de 2007 como data límite. Unha vez rematada a edición notificaráselle expresamente á Secretaría Xeral de Política Lingüística dentro do citado prazo, enviando, así mesmo, un exemplar da obra.

3.12. O orzamento desagregado de gastos correspondente ao custo real de execución da obra, no que ademais deberá constar expresamente a tiraxe de exemplares e o prezo de venda ao público sen IVE.

3.13. Declaración de conxunto de todas as solicitudes, efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

4. Quedan eximidas de presentar os documentos relacionados nos puntos 3.1 e 3.2 as empresas que xa fosen beneficiarias de subvencións na convocatoria de 2006, unicamente deberán comunicar esta circunstancia achegando un escrito en que fagan constar a clave dos seus expedientes de 2006 e que as escrituras da empresa e do poder de representación xa as entregaron no ano 2006, non existindo variacións que as modifiquen substancialmente.

5. A documentación especificada nos puntos 3.1 a 3.6 deste artigo presentarase unha soa vez no caso de que acheguen varias solicitudes de subvención.

6. En calquera caso, toda a documentación que se lle deba unir á solicitude, ou que sexa requirida no seu momento para a tramitación do expediente, presentarase en orixinal ou fotocopia compulsada.

7. Desestimaranse automaticamente as solicitudes que non se axusten estritamente a estes requisitos e os expedientes arquivaranse sen máis trámite.

8. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención pola entidade interesada comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

Artigo 8º.-Prazo.

1. O prazo para a presentación das solicitudes rematará o 31 de maio de 2007.

2. Se o escrito de solicitude non reunise os datos de identificación ou algún dos extremos previstos no artigo 70 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativos común, requirirase á entidade ou ao solicitante, de conformidade co establecido no artigo 71.0 da devandita lei, para que nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, se lle terá por desistido na súa petición, cos efectos previstos no artigo 42 da mesma lei.

Capítulo III

Da instrución do procedemento

Artigo 9º.-Instrución do procedemento e comisión de valoración.

1. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no Decreto 287/2000, do 21 de decembro, coas consideracións que se establecen nos parágrafos seguintes.

2. Recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación serán analizadas e, se é o caso, requirirase que emenden os posibles erros ou ausencias de documentación no prazo a que se refire o artigo 8º.

3. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos desta convocatoria serán analizadas pola comisión de valoración que se creará para tal fin, segundo os criterios de concesión e de valoración establecidos no artigo 10º. Esta comisión estará integrada polos seguintes membros, que non poderán manter vinculación de ningún tipo nin coas editoriais nin cos proxectos presentados, dado que o caso contrario será motivo de recusación:

Presidenta: a secretaria xeral de Política Lingüística, que poderá delegar nun funcionario da Secretaría Xeral.

Secretario: un funcionario da Secretaría Xeral de Política Lingüística, con voz pero sen voto.

Vogais:

-Dous representantes da comisión de seguimento e impulso do Plan xeral de normalización da lingua galega.

-Dous expertos en didáctica propostos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Dous técnicos con amplos coñecementos no eido da edición en galego, propostos pola *Asociación Galega de Editores*.

-Un funcionario ou un técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

4. Todos os vogais e o secretario serán nomeados pola secretaria xeral de Política Lingüística.

5. A comisión de valoración ten atribuídas as seguintes funcións.

-Informar e valorar as solicitudes, de conformidade cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria.

-Propoñer a adxudicación das subvencións e valorar o seu interese.

6. A comisión quedará validamente constituída coa presenza da presidenta, do secretario e da metade dos seus membros, conforme o establecido no artigo 26.1º da Lei 30/1992.

7. No non previsto nesta convocatoria, o funcionamento da comisión axustarase ao réxime establecido no capítulo II da devandita Lei 30/1992.

Artigo 10º.-Criterios de concesión e valoración das propostas.

Consideraranse criterios preferentes de concesión da subvención os seguintes:

1. A edición de materiais didácticos curriculares e complementarios en materias comúns e específicas de modalidades que non sexan consideradas como de uso obrigatorio en galego, segundo o Decreto 247/1995, do 14 de setembro, e a súa modificación (actualmente en trámite) para adaptar os orzamentos da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, da educación (LOE), en todos os niveis educativos non universitarios, ou materias que por ser optativas ou con demanda limitada necesiten especial apoio, ata 20 puntos.

2. A elaboración de material didáctico sobre soportes dixitais, ata 20 puntos.

3. A elaboración de material didáctico para a formación de adultos en lingua galega, ata 20 puntos.

4. A calidade das obras presentadas, que se valorará segundo os seguintes parámetros:

a) Adaptación dos contidos ao currículo establecido, se é o caso.

b) Estrutura e calidade pedagóxica da obra (como a secuenciación, e a temporalización, por exemplo).

c) Exposición e recursos didácticos.

d) Calidade técnica (por exemplo: a encadernación e/ou a fotografía).

Cada un destes parámetros será valorado de 0 a 10 puntos, e para ser obxecto de subvención será preciso acadar unha puntuación global mínima de 20 puntos.

5. O grao de orixinalidade, de acordo coa seguinte escala:

- a) Creación propia (0-15 puntos).
- b) Refundición, adaptación (0-8 puntos).
- c) Tradución (0-7 puntos).

6. Valoraranse con 5 puntos aqueles materiais que usen (total ou parcialmente) formatos técnicos e tecnoloxías non propietarias (non suxeitas a patentes e dereitos comerciais) e software aberto, por exemplo formatos conformes a estándares abertos e de uso gratuíto (HTML, XHTML, CSS, PNG para webs, SMIL para multimedia).

Artigo 11º.-Proposta de resolución.

1. A comisión de valoración elevará o informe correspondente á secretaria xeral de Política Lingüística, quen resolverá. O citado informe expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a súa valoración de acordo cos criterios establecidos.

2. A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e notificaráselles aos interesados propostos como beneficiarios para que comuniquen a súa aceptación no prazo de dez días naturais. No caso de non recibirse a aceptación expresa no prazo marcado, presumirase a renuncia á subvención proposta.

3. A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor dos beneficiarios fronte á Administración, mentras non sexa publicada a resolución de concesión.

Capítulo IV

Terminación do procedemento

Artigo 12º.-Resolución.

1. O prazo máximo para a resolución de concesión non poderá exceder de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a secretaria xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3. Transcorrido o prazo máximo para resolver o procedemento, entenderase que a concesión da subvención é desestimatoria, polo tanto o silencio administrativo terá carácter negativo.

Artigo 13º.-Pagamento.

1. A subvención concedida aboarase mediante un pagamento único unha vez que se achegue a xustificación correcta.

2. En todo caso o importe total das subvencións non poderá ser superior ao custo total da publicación.

3. Se o importe xustificado fose inferior ao da subvención concedida, esta minorarase porcentualmente.

4. A contía fixada na resolución poderá ser revisada á baixa polo órgano responsable da concesión da axuda, se a calidade, o prezo de venda ao público e a tiraxe definitiva certificada non concordasen cos inicialmente declarados na solicitude.

Artigo 14º.-Obrigas dos beneficiarios e xustificación de custos.

1. O prazo improrrogable de xustificación e entrega da documentación das subvencións concedidas remata o día 30 de setembro de 2007.

2. Co límite da citada data, os beneficiarios das axudas deberán remitir á Secretaría Xeral de Política Lingüística, xunto cun escrito onde se cite o número de expediente, a seguinte documentación:

2.1. Dous (2) exemplares da obra editada.

2.2. Unha certificación da tiraxe, expedida polo editor ou polo representante da editorial.

2.3. Acreditación da existencia do correspondente depósito legal. Para estes efectos abondará cunha certificación emitida polo impresor ou, se é o caso, polo representante legal da empresa, onde se exprese a posesión do depósito legal definitivo. No caso das obras que xa se presentaron editadas a esta convocatoria, non se precisa xustificar este extremo por telo acreditado coa documentación que achegaron coa solicitude.

2.4. Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para cada proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Neste caso hai que ter en conta a incompatibilidade expresa coas axudas concedidas pola Consellería de Cultura e Deporte que se estipula nesta convocatoria.

2.5. Os xustificantes orixinais, ou fotocopia compulsada, dos gastos realizados para a edición da obra, de acordo coa resolución de concesión, e nos termos expresados na proposta presentada, xunto cunha relación detallada e numerada destes, que incluírá o número de factura, o emisor, e a suma total da relación.

2.6. Admitíranse como xustificantes os relativos a gastos de imprenta e material (por exemplo: composición, impresión, encadernación e fotomecánica), así como os gastos de persoal, autoría/dereitos, ilustración/deseño, maquetación, fotografía, tradución, revisión de textos e outros.

2.7. Admitiranse as nóminas de persoal da empresa sempre que se xunte unha certificación na que se especifique a parte proporcional dedicada á edición das obras subvencionadas, en tempo e custo.

2.8. Sempre que a factura ou xustificante de gasto teña un concepto xenérico (papel e/ou plastificados, por exemplo), xuntarase unha certificación na que se recolla a parte proporcional que corresponde á edición da obra subvencionada.

3. Os editores deberán comercializar nas librerías un mínimo do 50 por cento da tiraxe declarada e certificada, polo cal a Secretaría Xeral de Política Lingüística, antes de proceder ao pagamento da axuda, fará as oportunas comprobacións do cumprimento deste aspecto.

4. Os beneficiarios quedarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

5. Nas publicacións subvencionadas constará o carácter público do financiamento da Xunta de Galicia, coa mesma técnica que os créditos da entidade promotora, empregando para iso os logotipos aprobados pola imaxe corporativa que poderán consultar no enderezo www.xunta.es/identidade-corporativa/pax/pax03.htm da web da Xunta de Galicia. O texto deberá ser: «Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística». A utilización indebida e/ou incorrecta deste texto será motivo de perda da subvención.

Artigo 15º.-Perda da subvención.

Calquera alteración verbo dos datos que figuran no impreso de solicitude e calquera outro incumprimento das normas contidas nesta resolución terá como consecuencia a revogación da axuda logo da audiencia á empresa interesada, e esta, se fose o caso, terá que reintegrar as cantidades percibidas e mais os xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento, de acordo co estipulado nos artigos 78.9º e 78.10º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na súa redacción dada polo artigo 12 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Artigo 16º.-Rexistro de axudas e subvencións.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, en cumprimento co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Secretaría Xeral fará públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións concedidas así como as sancións impostas aos beneficiarios. A reserva que o petionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que comunicar expresamente á Administración, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación na convocatoria de subvencións ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

Disposicións adicionais

Primeira.-Se, por calquera causa, cando a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe a secretaria xeral de Política Lingüística.

Segunda.-Poderán modificarse as resolucións nos termos e cos requisitos sinalados no artigo 12 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.-En todo o non previsto nesta resolución, será de aplicación o establecido no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na súa redacción dada polo artigo 12 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, quedando os beneficiarios das axudas reguladas nesta resolución suxeitos ao réxime disciplinario previsto nas citadas disposicións. Así mesmo, con carácter xeral, esta resolución suxeitarase ao estipulado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a secretaria xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas competencias, as aclaracións precisas para o desenvolvemento desta resolución.

Segunda.-Esta resolución adáptase ás normas básicas do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), e ás do seu desenvolvemento.

Terceira.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2007.

María Sol López Martínez
Secretaria xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO I

PROCEDIMIENTO SUBVENCIÓNS A EMPRESAS EDITORIAIS PARA A EDICIÓ DE MATERIAIS CURRICULARES E DE FORMACIÓN DE ADULTOS EN LINGUA GALEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR106A	DOCUMENTO SOLICITUDE
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS BANCARIOS DO/DA SOLICITANTE

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DC	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA		CONCELLO	CÓDIGO POSTAL

A entidade bancaria citada neste cadro certifica que os datos que nel se consignan son certos e que existe a conta citada a nome do perceptor que se indica, aberta nesta entidade a día de hoxe.

, de de 200

EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA

SELO DA ENTIDADE BANCARIA

D/D*

D/D*

(NOME E SINATURA)

(NOME E SINATURA)

DATOS DO/DA REPRESENTANTE (NO CASO DE SER DIFERENTE DO/DA SOLICITANTE)

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	CIF
ENDEREZO (PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN)			LOCALIDADE
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
			FAX

SOLICITA acollerse á resolución do _____, pola que se regula a concesión de subvencións a empresas editoriais:

- | | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA, COMPROMISO DE EDICIÓ. | <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS. |
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI OU NIF DO SOLICITANTE. | <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DA RELACIÓN DE TÍTULOS PUBLICADOS EN GALEGO DURANTE OS DOUS ANOS ANTERIORES. |
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA EDITORIAL. | <input type="checkbox"/> CONSTANCIA DOCUMENTAL DO CONTRATO ASINADO POLO AUTOR E/OU TRADUTOR. |
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E DO PODER NOTARIAL. | <input type="checkbox"/> EXEMPLAR DA OBRA / MAQUETA DEFINITIVA. |
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO ÚLTIMO RECIBO DO IAE (OU DA SÚA EXENCIÓN). | <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN BANCARIA ORIXINAL |
| <input type="checkbox"/> CATÁLOGO ACTUALIZADO DA PRODUCCIÓN REALIZADA POLA EDITORIAL. | <input type="checkbox"/> ORZAMENTO DESAGREGADO. |

OBSERVACIÓNS

Número de proxectos que se presentan ao abeiro desta resolución: _____

Quen abaixo asina **DECLARA QUE**: presta expresamente o seu consentimento á Presidencia da Xunta de Galicia para que, de acordo co establecido nos apartados 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Resolución do 16 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se regula a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de materiais curriculares, para niveis non universitarios, así como a edición de material para a formación de adultos en lingua galega, realizados en formatos visuais ou audiovisuais, sobre soportes impresos ou dixitais.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Decreto 287/2000, do 21 de novembro (DOG do 11 de decembro), polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSONA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
REVISADO E CONFORME	DATA DE SAÍDA

ANEXO II

CARACTERÍSTICAS FÍSICAS E TÉCNICAS DA OBRA

TÍTULO			
<input type="text"/>			
AUTOR			Nº DE CORES DA PORTADA E DO INTERIOR
<input type="text"/>			<input type="text"/>
TRADUTOR		PORCENTAXE DE ILUSTRACIÓNS	ORZAMENTO TOTAL
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIRAXE	PVP SEN IVE	TIPO PAPEL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ISBN	DEPÓSITO LEGAL	GRAMAXE	Nº DE PÁXINAS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

EPÍGRAFES NOS QUE SE ENCADRA

- EPÍGRAFE 1: TIPO DE MATERIAL

- Libros de texto.
- Material didáctico e complementario.
- Formación de adultos.

- EPÍGRAFE 2: GRAO DE ORIXINALIDADE

- Creación propia. Adaptación ou refundición. Tradución.

- EPÍGRAFE 3: Curso a que vai destinada a obra

- | | INFANTIL | PRIMARIA | ESO | BACHAR. | CICLOS
FORMATIVOS |
|------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|----------------------------------------|
| (1º ciclo) | <input type="checkbox"/> 0 anos
<input type="checkbox"/> 1 anos
<input type="checkbox"/> 2 anos | <input type="checkbox"/> 1º
<input type="checkbox"/> 2º | <input type="checkbox"/> 1º
<input type="checkbox"/> 2º | <input type="checkbox"/> 1º
<input type="checkbox"/> 2º | <input type="checkbox"/> GRAO
MEDIO |
| (2º ciclo) | <input type="checkbox"/> 3 anos
<input type="checkbox"/> 4 anos
<input type="checkbox"/> 5 anos | <input type="checkbox"/> 3º
<input type="checkbox"/> 4º | <input type="checkbox"/> 3º
<input type="checkbox"/> 4º | | <input type="checkbox"/> GRAO
SUP. |
| (3º ciclo) | | <input type="checkbox"/> 5º
<input type="checkbox"/> 6º | | | |

- EPÍGRAFE 4: Área e disciplina ás que vai destinada a obra

ÁREA:

DISCIPLINA:

OBSERVACIÓNS

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Orde do 14 de marzo de 2007 pola que se declara de interese galego a Fundación Innovapyme Galicia e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións, sección da Consellería de Innovación e Industria.

Con data do 2 de febreiro de 2007 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 24 a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 23 de xaneiro de 2007, pola que se clasifica como de interese industrial a *Fundación Innovapyme Galicia*, adscribíndose á Consellería de Innovación e Industria, que terá que exercer o protectorado plenamente sobre ela.

De acordo co establecido no artigo 5 dos seus estatutos, o obxecto e finalidade da fundación consiste, en xeral, en promover e contribuír eficazmente á investigación científica, así como ao desenvolvemento tecnolóxico e á innovación en todas as súas manifestacións no ámbito da Comunidade Autónoma galega. O campo de actividades da fundación abranguerá o fomento, a difusión, coordinación, promoción de cantas actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxicas sexan de interese para as pequenas e medianas empresas da industria en xeral, a construción e os servizos.

Por todo isto, e en virtude das competencias que me confire o artigo 34.12º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, (modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro), reguladora da Xunta e do seu presidente, e segundo o establecido nos artigos 5 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e 32.3º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego,

DISPOÑO:

Artigo único.

1.-Declarar de interese galego a *Fundación Innovapyme Galicia* ao cumprir os seus estatutos as prescricións que, para tal efecto, sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

2.-Ordenar a inscrición da *Fundación Innovapyme Galicia*, no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Innovación e Industria, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2007.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Corrección de erros.-Orde do 1 de marzo de 2007 pola que se convocan axudas económicas para a realización de formación práctica en empresas destinadas a alumnos/as de patrón costeiro polivalente e ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica en centros dependentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Advertido erro na citada Orde do 1 de marzo de 2007, publicada no DOG nº 52, do mércores, 14 de marzo de 2007, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 3.997, no anexo I, na sétima cuadrícula, onde di: «Quen abaixo asina declara que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo», debe dicir: «Quen abaixo asina declara que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos».

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Resolución do 12 de marzo de 2007, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se lle dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 3 de agosto de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2006 axudas para a prevención de ataques do lobo ao gando.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 78.8º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no artigo 12 da Orde do 3 de agosto de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2006 axudas para a prevención de ataques do lobo ao gando, procédese pola presente á publicación do extracto das axudas outorgadas pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ao abeiro da Orde do 3 de agosto de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2006 axudas para a prevención de ataques do lobo ao gando.

Deste xeito, cómpre sinalar, polo que atinxe ás axudas concedidas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o seguinte:

a) Norma reguladora da convocatoria: Orde do 3 de agosto de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2006 axudas para a prevención de ataques do lobo ao gando.

b) Aplicación orzamentaria: 15.02.342.A.770.1

c) Crédito orzamentario: 100.000 €.

d) Destinatarios: gandeiros con explotacións de animais domésticos das especies ovina, vacúa, caprie equina da nosa comunidade autónoma.

e) Beneficiarios, importe das axudas, finalidade das axudas e puntuación acadada polos expedientes que se sinalan no anexo.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2007.

Xosé Benito Reza Rodríguez
Director xeral de Conservación da Natureza